

O GALEGO CAMPA  
Dinamización lingüística nos campamentos de verán



## CREAMOS CANCIONES

**Tipo de actividade:**

Actividade de distensión.

**Idade:** De 9 a 14 anos.

**Participantes:** Actividade en grupo.

**Duración:** 1 hora.

**Materiais:**

- CD *Desaparafusador de gominola*.
- Lapis e tarxetas de papel.
- Caixa de cartón.

**Obxectivos:**

- Ampliar as habilidades de comunicación oral en lingua galega.
- Manter unha postura positiva cara un compañeiro ou compañeira e posibilitar unha mellora na comunicación.



## DESENVOLVEMENTO

Nesta actividade o monitor ou monitora ten que escoller a letra dunha da canción do CD de música *Desaparafusador de gominola*, por exemplo, "O Sacaúntos", "Pan e Queixo" etc. Os rapaces e rapazas formarán grupos de catro ou cinco persoas e escoitarán varias veces a canción escollida polo monitor ou monitora para esta actividade. Mentres escoitan a letra da canción, cada grupo escribirá nunhas tarxetas palabras que formen parte dela, ata completar unhas dez tarxetas de palabras por cada grupo. Estas tarxetas terán que introducilas nunha caixa de cartón onde se mesturan.

A continuación cada grupo collerá da caixa dez tarxetas coas que comporán unha nova canción sobre a mesma música. Cando teñan finalizada esta nova letra terán que interpretala.

## OBSERVACIÓNS

Para lle dar un maior dinamismo a esta actividade podemos recomendar que, ao interpretaren a canción, os grupos se disfracen, inventen novos sons etc. É dicir, unha vez creada a nova letra da canción, podemos dar un tempo para que os rapaces e rapazas intercambien roupa, zapatos, sombreiros, lentes e que inventen sons utilizando obxectos como potas, botellas, latas, paus etc. Así fomentaremos que a actividade sexa máis creativa, con mais movemento e máis divertida á hora de representar a canción.

No web [www.xunta.es/linguagalega/o\\_galego\\_campa](http://www.xunta.es/linguagalega/o_galego_campa) están descargables as letras das cancións, as fichas de actividade e os materiais complementarios. O web inclúe, ademais, un espazo de participación.